



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2024-20

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

24 de Outubro de 2024

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:36

Hora de Finalización

10:49

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

LUCIA GIL CID
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

MEMBROS AUSENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS :

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 10.10.2024 (ACTA 2024/19)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. APROBACION DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCION NOMINATIVA DA DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE PARA "REDACION DE PROXECTOS TECNICOS DO CONCELLO". EXPTE 2024/6705N (RESTO)

O Sr. Alcalde, lembra aos presentes a **subvención nominativa** concedida por acordo da **Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial** de Ourense, de data **3 de xullo de 2024**, para a actuación "**Redacción de proxectos técnicos do concello ano 2024**" por un importe de **11.012,82 euros**.

Subvención que se concedeu para os seguintes investimentos reais:

1) Redacción de **proxecto** técnico, **dirección** de obra e **coordinación** de seguridade e saúde da obra "**Renovación de firme en Rúa da Fonte**, en Nocedo do Val"

Orzamento total: 3.361,34 €

Achega Provincial: **3.361,34 €**

Achega municipal: 0,00 €





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

2) Redacción de proxecto técnico, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra "Renovación de firme en Rúa Trascarreira, en Castrelo do Val"

Orzamento total: 2.496,16 €

Achega Provincial: **2.496,16 €**

Achega municipal: 0,00 €

3) Redacción de proxecto técnico, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra "Renovación de firme en Rúa de Abaixo, en Castrelo do Val"

Orzamento total: 2.155,32 €

Achega Provincial: **2.155,32 €**

Achega municipal: 0,00 €

4) Redacción de proxecto técnico, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra "Abastecemento, saneamento e pavimentación do entronque da Rúa Canceliña coa OU-113 en Nocedo do Val"

Orzamento total: 3.000,00 €

Achega Provincial: **3.000,00 €**

Achega municipal: 0,00 €

Na sesión da **Xunta de Goberno do pasado 29 de agosto de 2024**, naquel momento de execución orzamentaria, realizáronse os seguintes gastos a xustificar ante a Deputación, para poder solicitar o aboamento dos fondos correspondentes.

1) Redacción de proxecto técnico, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra "Renovación de firme en Rúa da Fonte, en Nocedo do Val"

Fra. 10/24 de data 13.08.2024 de M^a Cristina Sabariz Rúa

Importe: **3.361,34 €**

2) Redacción de proxecto técnico, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra "Renovación de firme en Rúa Trascarreira, en Castrelo do Val"

Fra. 11/24 de data 13.08.2024 de M^a Cristina Sabariz Rúa

Importe: **2.496,16 €**

3) Redacción de proxecto técnico da obra "Renovación de firme en Rúa de Abaixo, en Castrelo do Val"

Fra. 12/24 de data 13.08.2024 de M^a Cristina Sabariz Rúa

Importe: **1.077,66 €**

4) Redacción de proxecto técnico da obra "Abastecemento, saneamento e pavimentación do entronque da Rúa Canceliña coa OU-113 en Nocedo do Val"

Fra. 13/24 de data 13.08.2024 de M^a Cristina Sabariz Rúa

Importe: **1.500,00 €**

No **actual momento de execución orzamentaria**, realizáronse os seguintes gastos a xustificar ante a Deputación, para poder solicitar o aboamento dos fondos correspondentes:





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

1) Dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra "Renovación de firme en Rúa de Abaixo, en Castrelo do Val"

Fra. 20/24 de data 22.10.2024 de M^a Cristina Sabariz Rúa

Importe: **1.077,66 €**

2) Dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra "Abastecemento, saneamento e pavimentación do entronque da Rúa Canceliña coa OU-113 en Nocedo do Val"

Fra. 18/24 de data 12.10.2024 de M^a Cristina Sabariz Rúa

Importe: **1.500,00 €**

Por todo o que, vista a conta xustificativa formulada pola Alcaldía e informada favorablemente pola Intervención municipal, procede adoptar acordo de aprobación da mesma e de remisión da documentación oportuna á Deputación Provincial para o libramento dos fondos correspondentes.

Tralo que a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Recoñecer e liquidar as obrigas derivadas da súa aprobación, a favor do adxudicatario dos servizos; e consecuentemente, **aprobar as facturas:**

1) Dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra "Renovación de firme en Rúa de Abaixo, en Castrelo do Val"

Fra. 20/24 de data 22.10.2024 de M^a Cristina Sabariz Rúa

Importe: **1.077,66 €**

2) Dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra "Abastecemento, saneamento e pavimentación do entronque da Rúa Canceliña coa OU-113 en Nocedo do Val"

Fra. 18/24 de data 12.10.2024 de M^a Cristina Sabariz Rúa

Importe: **1.500,00 €**

SEGUNDO. Que a xustificación da subvención que se concedeu, **refírese ao mesmo proxecto** que serviu de base para a concesión da subvención.

TERCEIRO. Declarar que se **cumpliu á finalidade** para a que se concedeu a subvención; **facer constar** expresamente que **por parte da Intervención tomouse razón na contabilidade**, en fase de pago material, do gasto derivado da contratación dos servizos.

CUARTO. Que o **importe certificado total** (entre o aprobado na Xunta de Goberno de 29 de agosto e nesta Xunta de Goberno de 24 de outubro de 2024) **acada o 100,00% da subvención** que se concedeu; e **declarar**, ademáis, que na tramitación e **contratación** dos servizos **cumpríuse a normativa de aplicación** no ámbito local e, especificamente, a que rexe nos contratos do sector público.

QUINTO Consecuentemente, **aprobar a conta xustificativa** da actuación nos termos recollidos nos catro apartados anteriores deste acordo.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

3º. CERTIFICACION NUM. 1 LIQUIDACION DA OBRA "MELLORA DA REDE DE PLUVIAIS EN CASTRELO DO VAL" DO FONDO DE COMPENSACION AMBIENTAL 2024 (PR483C)

O Sr. Alcalde, lembra aos presentes a **subvención** concedida por Resolución da **Dirección Xeral de Administración Local**, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de data **13 de xuño de 2024**, dentro do **Fondo de Compensación Ambiental 2024**, para a obra "Mellora da rede de pluviais en Castrelo do Val", (PR483C)

A continuación, pasa a dar conta ós presentes da **certificación núm.1 liquidación** da devandita obra denominada "**Mellora da rede de pluviais en Castrelo do Val**", (PR483C) do **Fondo de Compensación Ambiental**, cofinanciada pola Xunta de Galicia, por un importe total de **39.270,05 euros**, suscrita polo director das mesmas, **Juan Manuel Mera Díaz**.

Examinada a mesma e atopada conforme, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO. Aprobar a referida **certificación núm. 1 liquidación** da obra denominada "**Mellora da rede de pluviais en Castrelo do Val**", (PR483C), cofinanciada pola Xunta de Galicia, por un importe total de **39.270,05 euros**, suscrita polo director das mesmas, **uanManuel Mera Díaz**, nos termos nos que se atopa redactada.

SEGUNDO. Recoñecer e liquidar a obriga derivada da súa aprobación, a favor do adxudicatario da obra; consecuentemente, **aprobar a factura núm. A/176 de Excave 2000 S.L. de data 24.10.2024** correspondente a certificación núm 1, liquidación da obra "**Mellora da rede de pluviais en Castrelo do Val**", (PR483C), por importe de **39.270,05 euros**.

TERCEIRO. **Declarar** que se **cumplíu á finalidade** para a que se concedeu a subvención; **facen constar** expresamente que **por parte da Intervención tomouse razón na contabilidade**, en fase de recoñecemento da obriga, do gasto derivado da contratación da obra; que o **importe certificado acada o 100,00% da subvención** que se concedeu; e **declarar**, ademáis, que na tramitación e **contratación** das obras **cumpríuse a normativa de aplicación** no ámbito local e, especificamente, a que rexe nos contratos do sector público.

CUARTO. **Declarar** que a actuación desenvolvida non precisou de autorizacións sectoriais para a súa realización.

QUINTO. **Consecuentemente, aprobar a conta xustificativa** da actuación nos termos recollidos nos apartados anteriores deste acordo.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

